

NAS FIGUEIRAS

somos mundiales

↓ Moncho Martínez Castro

Quén nolo iba dicir: ¡As Figueiras nel New York Times! Os oyes nun daban crédito a lo que vían nel periódico. A culpa: dos americanos, dos nosos «americanos». El pasao febreiro, nun artículo da sección de viaxes del rotativo estadounidense con úa edición de millóis d'exemplares, a periodista Mirta Ortijo falábanos da impresión que ye causara toparse col peculiar Palacete Peñalba nel último pobo da costa asturiana. Pro, na hestoria del Palacete, nun é todo arquitectura.

Como xa saberedes, el Palacete (ou Chalé de Doña Socorro) é úa más nel feixe de casúas d'indianos qu'hai na nosa comarca y que foron construídos nos primeiros anos del siglo pasao. Anque el Palacete nun é un chalé, senón dous: el estilo arquitectónico del que deron en chamar *Palacete Novo* —que ta marcao polos xeitos da miyor arquitectura de Gaudi (pese a que quen lo diseñou nun foi el xenio catalán, senón el sou discípulo Ángel Arbex nel ano 1912)— levou a minusvalorar as formas más conservadoras del *Palacete Veyo*.

A historia del Palacete, ou más ben dos sous amos, comenza col viaxe d'un emprendedor pixoto a Buenos Aires. Este home chamábase Wenceslao García Bustelo. Nacéu nas Figueiras en 1849 y marchou prá Arxentina a os deciséis anos, condo xa quedara sin padre. Inda nun sería el última vez que vise a nosa terra, porque al pé de Cabo Verde el barco nel que viaxaba foise a pique, quedando vivas solo oito personas, entre elas el noso afortunao pixoto. ¿Quén más da nosa terra iría naquel barco? ¿Cántos figuerolos más morrerían nel mar? Eso xa é

outra hestoria. El caso é que, solo dous anos despós d'aquelo, el home volve marchar «ás Américas», y desta as cousas sálenye un pouco más al dereto, empezando con úa tendía d'ultramarinos en Buenos Aires y acabando con mui búa posición na capital de Sudamérica y con un feixao de tendas.

El noso protagonista nun debía ter demasiaio éxito coas muyeres —ou igual era que daquela escasiaban nel país austral— y encárgayele a súa madre que ye busque úa búa moza del lugar. Como resposta, esta mándayele a foto d'úa prima súa de nome Socorro Sánchez (case úa nena, porque él tía xa 34 anos y ela solo 16). Nun sabemos se a Socorro ye darían foto de Wenceslao, pro a él debéu de gustar-y, porque casa con ela por poderes, ún en Buenos Aires y outra nas Figueiras, y a nosa vecía marcha rumbo a América.

En 1899 a parexa volve ás Figueiras, ou polo menos inténtanlo, porque a Wenceslao nun se ye daba mui ben el navegar y horas antes d'embarcar, daye mal y morre de pronto. Ei temos a Socorro con cuatro fiyas, de volta á nosa pequena vila y viuda con apenas 30 anos, anque con abonda riqueza al cargo



Interior del «Chalé de Doña Socorro».

que, a dicir verdá, en parte utiliza pral beneficio da nosa parroquía.

Tras us anos, Socorro decide construír úa casa nas Figueiras, y d'ei a construción dos chalés col sou magnífico xardín inglés, as súas vistas á Ría, a



Panteón de Doña Socorro nel cementerio das Figueiras


casa pral servicio, as dúas portas d'entrada na finca, os miyores adelantos y materiales del época y, cómo non, un bon par de «haigas». El Chalé de Riba, con xeitos gaudianos, ha ser el de Doña Socorro, y el de Baxo, con úa construción más al son del época, ha ser prá súa fiya mayor.

Socorro morréu el 15 de febreiro de 1924, sendo ben nova, y a familia construye nel cementerio da parroquia un peculiar panteón, el mayor das Figueiras, con us elementos arquitectónicos tamén mui peculiares.

Nel ano 1981 Avelino y Fina, que xa levaban daquela el Restaurante Peñalba, compran el qu'agora ye chamaban Palacete Novo —col qu'el tempo fora más indulxente— y fain nel antiguo chalé el Hotel Palacete Peñalba, del que seguro xa ouguistes falar. Hai cinco ou seis anos, compran tamén el Palacete Veyo y súmanlo ás súas actividades hosteleiras.



Úa vista da fachada posterior del Palacete, obra del arquitecto Ángel Arbex feita en 1912.

A trayectoria empresarial de Fina y Avelino é, al igual qu'a de Wenceslao, envidiable, y tamén feita a base d'esfuerzo y empeño personal. D'este xeito, col paso dos anos, el hotel y el restaurante coyen merecida fama en todo el país, faéndose referencia del xantar cantábrico y dos rincóis asturianos encantaos (porque, anque aquí nun houbo nunca lendas sobre el Peñalba, si que tuvieron lugar muitos sueños de nenos pequenos pol sou xardín, con laberinto y medos incluídos) del qu'úa norteamericana de paso pola Asturias indiaña nun pode deixar de namorarse, d'eso, da Ría del Eo, y das pescantinas Figueiras. Agora si que somos «mundiales». 

BIBLIOGRAFÍA:

ORTIJO, M., «In Old Asturias, a Legacy From the New World», *The New York Times*, New York, 13 de febreiro de 2005.

O'SHEA TORRES SOLANOT, J. I., «Pregón de las fiestas del Carmen año 2000», *As Figueiras*, 2001.